

**Número 11 - Ano 2021**

**ACTA**

**da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**30 de setembro de 2021**

Ás dez horas e sete minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, que xustifica a súa ausencia por atoparse de baixa.

## **ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 27 de setembro de 2021 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DIA:

1/117 PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS O POLO EXCMO. CONCELLO PLENO DE LUGO OS DÍAS 27 DE MAIO, 24 DE XUÑO E 29 DE XULLO DE 2021 DO PRESENTE ANO 2021.

### **A) PARTE RESOLUTIVA**

#### **INTERVENCIÓN**

2/118 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 12-2021. FACTURAS E SUBVENCIÓN.

3/119 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 13-2021, CON REPARO DE LEGALIDADE NÚMERO 46/2021. FACTURAS.

#### **PROPOSICIÓNS**

4/120 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 299/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUNHA MESA DE AVALIACIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS A TRAVÉS DOS FONDOS EUROPEOS.

5/121 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 300/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UN PROGRAMA PARA O RETORNO DO TALENTO.

6/122 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 301/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PROMOVER UN PACTO DE IMPULSO DO CASCO HISTÓRICO DE LUGO.

7/123 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 302/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DESENVOLVER UN PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO INCLUSIVO PARA A CIDADE DE LUGO.

8/124 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 303/2021 DE REXISTRO DE PLENO, INSTANDO AO GOBERNO Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REBAIXA DO PREZO DA LUZ.

9/125 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 304/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO A FACILITAR A COBERTURA DE PERSOAL MÉDICO NA ATENCIÓN PRIMARIA.

**B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

**ACTAS E GOBERNO**

10/126 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE XULLO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

**TESOURERÍA**

11/127 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE FEBREIRO A XULLO DE 2021.

12/128 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 2º TRIMESTRE DE 2021.

**PERSOAL**

13/129 DACIÓN DE CONTA DO LEVANTAMENTO DE REPARO DE LEGALIDADE DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS LEVADOS A CABO POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DURANTE O MES DE XUÑO DE 2021.

**DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**

- PÉSAME POLO FALECIMENTO DE DON MANUEL PENAS DEVESA.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

**1/117 PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS O POLO EXCMO. CONCELLO PLENO DE LUGO OS DÍAS 27 DE MAIO, 24 DE XUÑO E 29 DE XULLO DE 2021 DO PRESENTE ANO 2021.** (Exp. 2021/G004/000755).- Vista a proposta da Secretaría do 7 de setembro de 2021, que seguidamente se transcribe:

“Os días 27 de maio, 24 de xuño e 29 de xullo do presente ano 2021, o Excmo. Concello Pleno celebrou as súas sesións ordinarias das que se levantou a correspondente acta que, unha vez transcritas as intervencións nelas producidas e

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

ultimada a súa redacción, foron asinadas polos Secretarios e pola Alcaldesa Presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excmo. Concello Pleno nas datas que seguidamente se indican:

- 27 de maio de 2021
- 24 de xuño de 2021
- 29 de xullo de 2021.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excmo. Concello Pleno nas datas que seguidamente se indican:

- 27 de maio de 2021.
- 24 de xuño de 2021.
- 29 de xullo de 2021.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### INTERVENCIÓN

2/118 **RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 12-2021. FACTURAS E SUBVENCIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) PROPOSTA DA ALCALDESA-PRESIDENTA, do 17 de setembro de 2021, do seguinte teor literal:

<p><b>“IMPORTE FACTURAS: 4.429,65 €</b> <b>IMPORTE BASE IMPONIBLE FACTURAS: 4.268,31 €</b> <b>IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 161,34 €</b></p>
---



**IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €**  
**IMPORTE TOTAL: 4.429,65 €**  
**IMPORTE TOTAL (SUBVENCÍONS): 1.109,39 €**  
**IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2021: 5.539,04 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos Servizos Municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores así como a xustificación dunha subvención do exercicio 2019, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **5.539,04 €**.

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas e da subvención con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira Municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **5.539,04 € (contía imputable ao orzamento: 5.539,04 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún perxuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercicio corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2021/1453, de data 17.09.2021 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 12-2021, coas consideracións nel contidas, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas e subvención relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **5.539,04 €**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL
79932	COMERCIAL OSVANE SL_B27198035	002282	3/12/2019	SEÑALIZ VIAL ACRILICA AMARILLA - RECAMBIO 11CM LANA-ROLLOS EMP APPEAR 50MM-BLANCO VIALES EN EXPRAY	15300.21000	202100023660	235,25	0,00	49,40	284,65
81574	REGSITI COMERCIALI ZADORA REGULADA SLU_B39702436	65002982247	14/3/2019	Potencia(13,164 KW x 31 días x 47,55771 eur/kw y año)-Consum o (P1) (12 kWh x 0,139027 eur/kWh)- Incremento no PVPC-Impuest	93301.22100	202100040308	70,56	0,00	14,82	85,38
82817	ASCENSORES ENOR SL_B36650992	3413	17/11/2020	REF. PUERTA AUTOMÁTICA CL CARM EN, S/N. PARTE 15/10/2020: Reparación de la puerta automática a Sala de Exposiciones Portami	93301.21200	202100009180	114,25	0,00	23,99	138,24
86903	ASOCIACION NACIONAL DE CEEIS ESPAÑOLES_G31539356	55	31/3/2020	Cuota miembro 2021 ANCES	24100.48900	202100046406	1.200,00	0,00	0,00	1.200,00
86904	ASOCIACION NACIONAL DE CEEIS ESPAÑOLES_G31539356	56	31/3/2020	Cuota Inscripción ANCES - CEI Nodus---	24100.48900	202100046406	2.300,00	0,00	0,00	2.300,00



74057	SANEAMIENTOS RIGASL_B27030311	A 1900950	30/9/2019	*ASIENTO INODORO BABY BLANCO-G RIFO TEMPORIZADOR FUENTE FRONTAL-COMMENT] CUESTAS DEL PARQUE-	16100.21300	202100058750	90,35	0,00	18,97	109,32	
75538	COMERCIAL CASAL SL_B27016963	1786	18/11/2019	Revisar freidora eléctrica-Salida taller-Mano de obra 1h-	32381.21300	202100058749	48,00	0,00	10,08	58,08	
84881	VAZQUEZ*CARICOBAL EN RIQUE_33805358G	662	18/3/2021	SERVICIOS SOCIAIS-AMIG CERRADURA 642-15 PERSIANA SERRETTACADENA FORRADA TEMPLADA 60cm-	23150.22699	202100031190	29,12	0,00	6,12	35,24	
86364	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES_G 28029643	1210095500	3/3/2021	0003373568 VIA PUBLICA LUGO LUGO SIN SIN LUGO 27001 REPRES ENTACION 07/10/2018 FRIO SOMOS INUIT! PEREZ POMBO RUBEN -	33000.22699	202100053656	180,78	0,00	37,96	218,74	
<b>TOTAL</b>								<b>4.268,31</b>	<b>0,00</b>	<b>161,34</b>	<b>4.429,65</b>

E da seguinte subvención:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	IMPORTE A XUSTIFICAR
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ACHEGATE DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BASCUAS. CIF G-27263847	<b>1.109,39€</b>	<b>1.183,89€"</b>

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS celebrada o día 24 de setembro de 2021.

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 24**

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

APROBAR, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas e subvención relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **5.539,04 €**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL
79932	COMERCIAL OSVANE SL_B2719803 5	002282	3/12/2019	SEÑALIZ VIAL ACRILICA AMARILLA - RECAMBIO 11CM LANA- ROLLOS EMP APELAR 50MM- BLANCO VIALES EN EXPRAY	15300.21000	202100023660	235,25	0,00	49,40	284,65
81574	REGSITI COMERCIALI ZADORA REGULADA SLU_B397024 36	65002982247	14/3/2019	Potencia(13,16 4 KW x 31 días x 47,55771 eur/kW y año)- Consumo (P1) (12 kWh x 0,139027 eur/k Wh)- Incremento no PVPC-impuest	93301.22100	202100040308	70,56	0,00	14,82	85,38





Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

82817	ASCENSORES ENORMES SL_B36650992	3413	17/11/2020	REF. PUERTA AUTOMÁTICA CL. CARM EN, S/N. PARTE 15/10/2020: Reparación de la puerta automática a Sala de Exposiciones Portami	93301.21200	202100009180	114,25	0,00	23,99	138,24
86903	ASOCIACION NACIONAL DE CEEIS ESPAÑOLES_G31539356	55	31/3/2020	Cuota miembro 2021 ANCES	24100.48900	202100046406	1.200,00	0,00	0,00	1.200,00
86904	ASOCIACION NACIONAL DE CEEIS ESPAÑOLES_G31539356	56	31/3/2020	Cuota inscripción ANCES - CEI Nodus--	24100.48900	202100046406	2.300,00	0,00	0,00	2.300,00
74057	SANEAMIENTOS RIGIDOS SL_B27030311	A 1900950	30/9/2019	*ASIENTO INODORO BABY BLANCO-G RIFO TEMPORIZADOR FUENTE FRONTAL-COMMENT] CUESTAS DEL PARQUE-	16100.21300	202100058750	90,35	0,00	18,97	109,32
75538	COMERCIAL CASAL SL_B27016963	1786	18/11/2019	Revisar freidora eléctrica-Salida taller-Mano de obra 1h-	32381.21300	202100058749	48,00	0,00	10,08	58,08
84881	VAZQUEZ"CARROBA, ENRIQUE_33805358G	662	18/3/2021	SERVICIOS SOCIAIS-AMIG CERRADURA 642-15 PERSIANA SERRETTACADENA FORRADA TEMPLADA 60cm-	23150.22699	202100031190	29,12	0,00	6,12	35,24
86364	SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES_G28029643	1210095500	3/3/2021	0003373568 VIA PUBLICA LUGO LU GO S/N , S/N LUGO 27001 REPRESENTACION 07/10/2018 FRIJO SOMOS INUITI PEREZ POMBO RUBEN -	33000.22699	202100053656	180,78	0,00	37,96	218,74

CVD: obxpw6kWLpVQIYKPVQY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.




## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021



TOTAL	4.268,31	0,00	161,34	4.429,65
-------	----------	------	--------	----------

E da seguinte subvención:

ENTIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	IMPORTE A XUSTIFICAR
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ACHEGATE DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BASCUAS. CIF G-27263847	1.109,39€	1.183,89€”

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ... Tal e como se estableceu na Xunta de Portavoces, imos facer un debate conxunto do punto número 2 e punto número 3; despois, coma sempre, as súas votacións por separado. E iniciamos entón o debate e ten a concelleira de Gobernanza e Economía 3 minutos para o debate.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

Hoxe elévanse ao Pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente 15 facturas; dez son do ano 2020, catro do ano 2019 e unha do ano 2018. A razón fundamental, como xa lles dixen en plenos pasados, de que estas facturas non fosen tramitadas no seu exercicio correspondente é na case totalidade delas a inactividade do provedor. Así, en máis da metade dos casos as facturas non se presentaron polos provedores no exercicio correspondente. Neste caso atópanse concretamente nove delas, das 15. O acredor coa súa demora na presentación desta factura provoca o atraso na tramitación axeitada. Voulle poñer como exemplo as facturas da Asociación Nacional de CEIS Españois, que son as máis altas que veñen a este recoñecemento, relativas á cota de inscrición do CEI Nodus; son dúas facturas dos meses de marzo do 20, por importe de 1.200 e 2.300 € respectivamente. Son facturas que se corresponden ao ano 2020, cotas do 2020, aínda que foron recibidas no Concello exactamente o 14 de xullo de 2021; é dicir, 16 meses despois. Unha vez recibidas, os servizos xestores tardaron tan só 8 días en conformalas, un tempo evidentemente curto.

O mesmo pode dicir de moitas máis facturas que podía relatar, como facturas de Servizos Sociais dunha cerradura, dunha persiana; este servizo foi prestado tamén no 20, pero a factura recibíuse o 18 de marzo do 21 e simplemente tardáronse 20 días en conformar a factura. Podía dicirlles de moitas máis; son simples exemplos



que demostran que a inactividade do provedor ou simples erros moitas veces é o que provoca o pago fóra do exercicio correspondente e, polo tanto, que traíamos estas facturas a este recoñecemento.

A segunda razón é que a factura nin se presente no exercicio correspondente por parte do provedor e á súa vez o servizo se atrase tamén en asinar a factura. Aquí estamos coma sempre nesas facturas de consumos e subministros, temos unha en concreto de Régsiti que aparece neste recoñecemento. Neste caso o servizo foi prestado no ano 19, pero a factura foi recibida no Concello no 19 de outubro de 2020. É nestes servizos onde, sobre todo con facturas relativas a subministros, onde, pola dificultade na conformación, se producen máis atrasos pero é evidente que cada día esta situación mellorou substancialmente e seguimos mellorando.

Polo tanto, só tres facturas das 15 que se recollen neste recoñecemento foron por atrasos do servizo, xeralmente por erros no circuíto de firma, ademais, concretamente a reparación dunha porta ou dunha freidora, ou a tapa dun inodoro infantil.

Polo tanto, quero poñer de manifesto unha vez máis a mellora substancial que se vai vendo mes tras mes. En cada un dos recoñecementos que veñen a este Pleno vese no tempo da tramitación que cada vez é moito máis curto, salvo as salvidades que dixen pola dificultade da conformación, pero no xeral entre 8 e 30 días confórmanse todas as facturas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou o seu tempo. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Ola, moi bo día a todos e a todas.

Ben, señora Alvarellos, si é verdade que aínda non conseguiu resolver os recoñecementos extraxudiciais de crédito e os reparo de legalidade, pero é xusto recoñecer que parece que vai polo bo camiño. E xa sabe que desde o noso grupo somos moi críticos en canto á xestión económica, pero tamén sabemos recoñecer cando se están a tomar medidas para solucionalo. Aínda podemos ver facturas que non cumpren a normativa vixente e que segue sendo necesario tomar medidas en canto aos procedementos contractuais e á axilidade na tramitación, pero as cantidades, de verdade, están sendo menores ultimamente en relación con outras ocasións. Ogallá chegue ese pleno no que os reparos de legalidade non inauguren cada sesión. Este é un punto a favor en canto á xestión pero non pode nin debe baixar a garda.

Neste trimestre volveron vostedes a incrementar o período medio de pago e aínda pagaron fóra de prazo máis dun 25% das facturas, máis de 3.800.000 €. Isto, xunto co control exhaustivo dos contratos menores, debe ser unha prioridade, porque parece que todo o malo se pega. Os seus ata agora socios de Goberno botaban as mans á testa non hai tanto por este asunto, exixindo máis control e transparencia, e agora podemos comprobar como se converteron nos maiores fans deste tipo de contratos e a mínima transparencia. Só hai que botarlle un vistazo aos últimos contratos menores publicados no portal de transparencia, os de abril ata xuño, para

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

comprobar como as áreas que lle competen ao Bloque Nacionalista Galego son as campioas, destacando sobre todo a área de Cultura.

O abuso deste tipo de contratación xa foi sinalado polo Servizo de Intervención e moito non fixeron porque, a verdade, isto non vai a mellor, xa que podemos dicir que vai moito peor. Unha verdadeira mágoa que a outra parte deste bigoberno vaia estropearlle a foto, señora Alvarellos, da súa xestión económica. Quizais debería deixarles unha copia do Plan de acción da alcaldesa, esa competencia propia do Partido Socialista, para que non esquezan os compromisos deste bigoberno nesta materia.

Como xa dixemos en moitas ocasións, a xestión económica desta Administración é un pilar fundamental para que se poida avanzar en moitos outros asuntos e, a pesar de dar pasos en positivo, todo apunta a que o control económico de ingresos e gastos estáselles a atragantar, porque non hai un control exhaustivo dos recursos públicos. Deberíalle recordar, señora Alvarellos, ao resto dos seus compañeiros que gobernar non é só gastar sen máis, sen control, senón gastar acorde ao que un ten, máis que nada para que non teñan problemas no futuro, para que non teñamos problemas no futuro ou para non ter que facer pagar aos lucenses os caprichos deste bigoberno.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Bo día.

Señora Alvarellos, leva dous anos como responsable da área de Economía e segue traendo a Pleno recoñecementos extraxudiciais de crédito. Un deles hoxe conta cun reparo de legalidade, o número 46 do 2021, nin máis nin menos.

Entre as facturas podemos destacar a subvención de 2019 á asociación Achégate de Santa María de Bascuas; a revisión anual do sistema de seguridade; a cota de conexión á central de alarmas ou a reparación dunha porta automática na sala de exposicións. Sexan serios, estamos ante gastos perfectamente previsibles no funcionamento dunha Administración e deberían tramitarse a través dos procedementos ordinarios.

E, señora Méndez, no debate do estado do Concello dixo que se comprometía a finalizar ao longo deste ano a renovación de todos os contratos caducados do Concello de Lugo. Quedan tres meses para terminar o ano e moito tememos que o compromiso da alcaldesa o levará o vento, como a maioría dos compromisos deste Goberno.

Neste momento entre outros temos: o contrato de publicidade sen regularizar; o contrato de zonas verdes sen regularizar; o contrato do ciclo da auga, que leva 10 anos caducado, sen regularizar; o contrato do lixo, cun importe de licitación de 134 millóns de euros e caducado dende o 31 de marzo de 2017, sen regularizar, e moito tememos que este contrato acabará nos tribunais, esperemos que non sexa con indemnizacións millonarias, como nos ten acostumado este Goberno.

Non esquezan que xestionan diñeiro público, de todos os lucenses, e dende o Partido Popular non imos permitir que os veciños de Lugo asuman o pago derivado



das irresponsabilidades da súa xestión política. Como non imos a permitir a condena de case 2,5 millóns de euros pola rescisión do contrato da Fábrica da Luz ou as indemnizacións que se deriven do Garañón, polo que a promotora á que o Partido Socialista lle concedeu unha licenza ilegal pide xa máis de 25 millóns de euros.

E, señor Arroxo, cando estaban na oposición denunciaban o fraccionamento dos contratos e agora vemos que o *modus operandi* do BNG é a utilización abusiva dos contratos menores. No primeiro trimestre do ano a área de Cultura asinou 76 contratos a dedo por valor de máis de 200.000 €. Nestes momentos podemos dicir que a xestión cultural do Bloque Nacionalista Galego está a funcionar como un chiringuito, xa que parece que só poden traballar os que teñen o carné nacionalista, e despois impiden aos barraquistas montar as instalacións do San Froilán cando precisan traballar para manter as súas familias. Dende o Partido Popular levamos semanas dicindo que todos os protocolos permitían a instalación das barracas, pero a obsesión do BNG de botar as culpas de todo á Xunta fixo que se negaran a ver unha evidencia: que, sen casetas de polbo e sen barracas, non hai san Froilán. Finalmente á alcaldesa non lle quedou máis remedio que desautorizar a señora Ferreiro e dar a razón ao Grupo Popular. Esperamos que non sexa demasiado tarde para encauzar este despropósito, e agora temos dous organizadores das festas, co cal temos o dobre de gasto, o dobre de publicidade e o dobre de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois iniciamos entón a segunda quenda. Minuto e medio para o Goberno, señora Alvarellas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. En primeiro lugar quero dicirlle, señora Abades, que, se é vostede capaz de articular o desenvolvemento dun proceso contractual de máis de 130 millóns nun ano, igual lle temos que facer unha oferta como asesora. Dito isto, doulle as grazas á señora, a Olga, á portavoz de Ciudadanos, á señora Louzao, polo recoñecemento do bo camiño que estamos levando. O que si é certo é que a morosidade da Administración estrangula pemes e autónomos. É certo que en moitísimos casos os estrangula, pero non é o caso do Concello de Lugo, pois se a media de atraso do período medio de pago nos concellos é de 69 días en toda España, nós estamos nos 10 días. Estes datos están recollidos deste último mes, do informe que publica cada mes o Ministerio de Facenda; que tamén, por certo, señora Abades, pon de manifesto que as comunidades autónomas son as administracións que máis morosidade acumulan cos seus provedores, non os concellos, por se quere facer comparativas.

Pero, como ben di a señora Louzao, nós non descansamos, simplemente non nos botamos flores polo que estamos facendo. O noso obxectivo é sempre seguir mellorando e, por suposto, con transparencia, cunha transparencia e cun control económico exhaustivo, intentando equilibrar ingresos e gastos, iso por suposto. Pero o noso obxectivo é sempre intentar mellorar. Para iso é fundamental todoo labor que se está facendo, todo o labor que podemos dicir que se simplificaron moito os procedementos, se coordinaron os distintos servizos...

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou a quenda, e quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Señora Alvarellos, do mesmo modo que a Ciudadanos non lle supón ningún problema recoñecer cando as cousas se están a facer ben, pois vostede pode facelo sen atragantalo o recoñecer que Ciudadanos pode tamén recoñecer a xestión. Pero, mire, a ver, fala vostede do contrato do lixo; é que levan vostedes cinco anos para sacar a licitación dun concurso, non é un ano, son cinco, e tamén hai que dicir as cousas como son. E isto ademais con requirimentos previos para que se preparara a documentación, para sacala a concurso, que isto non é 12 meses son cinco anos, son uns cantos máis.

E, sobre todo, señora Alvarellos, porque vostede ten un problema, un problema moi grave e así se lle comentou e se lle fixo saber polo Servizo de Intervención, que é o uso abusivo dos contratos menores, que están sendo a panacea para a contratación dos seus socios de Goberno. Vostede ten que controlar iso como máxima responsable e sabe perfectamente que está sendo un problema grave, que ademais está ao límite de cumprir a legalidade vixente. Polo tanto, aínda lle queda moito por facer; nós recoñecemos cando solventamos un problema económico grave de xestión que se estaba a levar neste Concello con centos de miles de euros que se pagaban todos os meses con reparo de legalidade, pero non baixe a garda, xa llo dixen, queda moitísimo por facer en xestión económica e vostede é a máxima responsable, é a súa competencia propia do Partido Socialista nestes marcos que vostedes crearon de competencia.

Polo tanto, ten que exixir o control dos recursos públicos nas áreas socialistas e tamén nas áreas do Bloque Nacionalista Galego.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Señora Alvarellos, o contrato de lixo leva caducado dende o ano 2017, e vostede leva dous anos como responsable da área de Economía. E recórdolle que foi a alcaldesa a que se comprometeu a finalizar o contrato antes de que terminara o ano.

Recórdolles tamén que no ano 2020 o Concello de Lugo tivo o récord histórico de pagar 44 millóns de euros con reparos de legalidade; é dicir, a metade dos pagos deste bigoberno fixéronse á marxe da lei. E do informe de morosidade do segundo trimestre que hoxe nos traen a Pleno despréndese que o importe total das facturas pagadas fóra de prazo ascende a 3,8 millóns de euros. Hai que pagar aos provedores en prazo, non son tempos para deberlles cartos aos autónomos, ás empresas e ás familias.

E, señor Arroxo, deixen de fraccionar os contratos para dar traballo aos seus afíns e deixen a un lado o seu sectarismo. Gobernen para todos os lucenses. A improvisación na área de Cultura na organización das festas patronais evidencia o desinterese do BNG no San Froilán, e o ano pasado dixémoslle que non

entendiamos o desembolso de medio millón de euros no San Froilán do 2020 cando pola pandemia apenas puideran facerse actividades, e consideramos un despropósito que custase 100.000 € máis que no ano 2019. Estaremos moi atentos ás facturas do San Froilán do 2021, sobre todo despois do despropósito que están montando coa organización das festas. Unha vez máis os lucenses temos que pagar as consecuencias das dúas visións distintas que ten o PSOE e o BNG sobre o modelo de cidade.  
Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para a portavoz do Goberno, 30 segundos, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Abades, segue vostede repetindo que se somos un Concello moroso. Lugo non é un Concello moroso por moito que lles custe, por moito que lles fastidie. Lugo non é un Concello moroso, nós estamos aquí a carón das familias, das pemes, dos autónomos e, como se ve, e é evidente e palmario, melloramos día a día. Quince facturas van ao recoñecemento extraxudicial de crédito e nove delas é por atraso do provedor. Se non o queren escoitar e falar de barracas, é o seu problema neste momento, pero aquí estamos falando de facturas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas.  
Pois como vostede mesmo dicía, señora Alvarellos, a intención do Goberno sempre é seguir mellorando, pero eu quero aproveitar tamén a ocasión para felicitala a vostede e a todo o seu equipo na área de Economía porque a evidencia de que imos mellorando e de que estamos no bo camiño é que se falou absolutamente de todo menos dos puntos a tratar, que era o obxectivo deste debate. Polo tanto, parabéns e, como dicíamos, a seguir mellorando polo ben da cidadanía e polo ben de Lugo.  
Procedemos entón a facer a votación destes dous puntos.

**3/119 RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 13-2021, CON REPARO DE LEGALIDADE NÚMERO 46/2021. FACTURAS.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) PROPOSTA DA ALCALDESA- PRESIDENTE do teor literal seguinte:

<p><b>“Asunto: Tramitación Aprobación de Facturas Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga Fase O) Reparo Núm 46-2021: Art 216.2 c) Recoñecemento extraxudicial 13-2021 IMPORTE TOTAL: 7.482,32 € IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 6.183,74 € IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 1.298,58 € IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €</b></p>
---

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

### **IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2021: 7.482,32 €**

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos Servizos Municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **7.482,32 €**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira Municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **7.482,32 € (contía imputable ao orzamento: 7.482,32 28 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña nengún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún perxuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercizo corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2021/1452, de data 17.09.2021 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 13-2021 reparo 46-2021, coas consideracións nel contidas, así como o mantemento da discrepancia asinado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos o 17.09.2021 e o decreto de levantamento de reparo nº 7621/2021 de 17.09.2021, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, propónse a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no





Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **7.482,32 €**:

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL
83670	PROTESE SL_B2715109 1	202101002	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS --	93301.21200	202100062857	180,30	0,00	37,86	218,16
83671	PROTESE SL_B2715109 1	202101001	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS -REVISIÓN ANUAL DEL SISTEMA DE SEGURIDAD - EQUIPO ALTERNATIVO DE TRANSMISIÓN	93301.21200	202100062857	360,30	0,00	75,66	435,96
83673	PROTESE SL_B2715109 1	202101005	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS -REVISIÓN ANUAL DEL SISTEMA DE SEGURIDAD --	93301.21200	202100062857	252,42	0,00	53,01	305,43
83674	PROTESE SL_B2715109 1	202101004	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS -EQUIPO ALTERNATIVO DE TRANSMISIÓN DE ALARMAS --	93301.21200	202100062857	288,30	0,00	60,54	348,84
83675	PROTESE SL_B2715109 1	202101006	1/1/2021	REVISIÓN ANUAL DEL SISTEMA DE SEGURIDAD - CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS --	93301.21200	202100062857	252,42	0,00	53,01	305,43
85408	FREIRE*IGLE SIAS, ESTELA _72531838G	7	31/3/2021	AUDIOVISUAIS CAMPAÑA COVID	33430.22699	202100045353	4.850,00	0,00	1.018,50	5.868,50

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL	
							TOTAL	6.183,74	0,00	1.298,58	7.482,32"

B) DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na reunión celebrada o día 24 de setembro de 2021.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

APROBAR, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **7.482,32 €:**



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DE D	TOTAL
83670	PROTESE SL_B2715109 1	202101002	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS ---	93301.21200	202100062857	180,30	0,00	37,86	218,16
83671	PROTESE SL_B2715109 1	202101001	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS -REVISION ANUAL DEL SISTEMA DE SEGURIDAD - EQUIPO ALTERNATIVO DE TRANSMISIÓN	93301.21200	202100062857	360,30	0,00	75,66	435,96
83673	PROTESE SL_B2715109 1	202101005	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS -REVISION ANUAL DEL SISTEMA DE SEGURIDAD --	93301.21200	202100062857	252,42	0,00	53,01	305,43
83674	PROTESE SL_B2715109 1	202101004	1/1/2021	CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS -EQUIPO ALTERNATIVO DE TRANSMISIÓN DE ALARMAS --	93301.21200	202100062857	288,30	0,00	60,54	348,84
83675	PROTESE SL_B2715109 1	202101006	1/1/2021	REVISIÓN ANUAL DEL SISTEMA DE SEGURIDAD - CUOTA CONEXIÓN CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS --	93301.21200	202100062857	252,42	0,00	53,01	305,43
85408	FREIRE*IGLESIAS, ESTELA _72531838G	7	31/3/2021	AUDIOVISUALES CAMPANA COVID	33430.22699	202100045353	4.850,00	0,00	1.018,50	5.868,50

CVD: obxpw6kWLpVQ1YKPVQY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.







ser objeto de las mismas conductas si queremos liderar una economía sostenible, justa y eficiente. El uso racional de los recursos está íntimamente ligado a la necesidad de evaluación, seguimiento y programación para el cumplimiento de los objetivos, y por ello, abogamos por la máxima objetividad, transparencia y participación en la selección de los proyectos de inversión por parte de nuestro Ayuntamiento, así como para reforzar el control de los principios de legalidad y eficiencia en la contratación pública, cumpliendo con todos los criterios de máxima difusión y publicidad a todas las empresas para asegurar la igualdad en el acceso a la licitación y ejecución de dichos proyectos.

Por eso, deberían formar parte de la Mesa aquellos miembros del gobierno municipal con responsabilidades en la gestión de los fondos europeos, así como representantes de los distintos grupos municipales de la oposición, acompañados por profesionales destacados de la sociedad civil, los agentes sociales y empresariales del municipio, con el objetivo de buscar el máximo consenso, una participación activa y vinculante que asegurarán la sostenibilidad en el tiempo de estos proyectos y planes de inversión, mejorando los sistemas de control con el máximo compromiso con la negociación y la salud democrática.

Esta Mesa permitirá guiar este proceso desde la experiencia, la objetividad, la evaluación de necesidades y la selección de aquellos proyectos con mayor potencial socioeconómico, incorporando la colaboración privada para compartir riesgos y asegurar éxitos, a través de unos criterios conocidos, transparentes y medibles.

Por todo lo expuesto, el Grupo municipal de Ciudadanos en el Ayuntamiento de Lugo propone los siguientes:

#### PUNTOS DE ACUERDO

1. El Concello de Lugo creará una Mesa de Evaluación Local de los proyectos municipales que serán gestionados por el Ayuntamiento a través de los Fondos Europeos con seguimiento en la implantación y evaluación del impacto, para asegurar la rentabilidad social y económica de los proyectos ejecutados en el municipio.

2. El Concello de Lugo se compromete a realizar a través de esta mesa, la evaluación basada en criterios objetivos, medibles y transparentes en la elección y ejecución de los proyectos financiados con los Fondos Europeos que se desarrollen en el municipio, con el objetivo de seleccionar aquellos proyectos con mayor potencial socioeconómico.

3. El Concello de Lugo se compromete a realizar la máxima difusión y publicidad a todas las empresas para asegurar la igualdad en el acceso a la licitación y ejecución de dichos proyectos para reforzar el control de los principios de legalidad y eficiencia en la contratación pública.

4. El Concello de Lugo se compromete a incorporar como miembros de la Mesa de Evaluación Local a aquellos miembros del gobierno municipal con responsabilidades en la gestión de los fondos europeos, así como por los representantes de los distintos grupos municipales de la oposición, acompañados por profesionales destacados de la sociedad civil y empresarial del municipio, con el objetivo de buscar el máximo consenso.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

5. Trasladar estos acuerdos a todas las entidades, agentes sociales y económicos del municipio, al Gobierno autonómico y a sus Grupos Parlamentarios, al Gobierno de España y los Grupos Parlamentarios del Congreso de los Diputados.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos:** 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno, **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Tres minutos para o grupo propoñente, para Ciudadanos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Hola, buenos días. Muchas gracias, señora alcaldesa.

Pues hoy el Grupo Municipal de Ciudadanos trae de nuevo una propuesta que entendemos objetivamente buena, fácil de implementar y que puede ser bueno su desarrollo para el futuro de los vecinos de Lugo.

haxa ningún plan de limpeza, de prevención de botellón, ou de ocio alternativo para os rapaces que buscan nestas zonas ocupar o seu tempo de lecer.

Pero non vale aferrarse a estatísticas e datos, é verdade que Lugo é unha cidade segura, pero é importante que os veciños e veciñas da cidade sintan esa seguridade, que se maximice a prevención en todos os ámbitos coa fin de minimizar as consecuencias das agresións ao patrimonio e mellorar a seguridade das persoas. Un sistema de videovixilancia, presenza policial, medios legais que sirvan de apoio ás actuacións policiais e axuden a velar por unha boa convivencia nas nosas rúas son fundamentais para respaldar unha candidatura solvente que represente unha oportunidade para a cidade de Lugo.

Esta candidatura é un proceso largo, compre empezar a traballar nos permisos precisos para a instalación de sistemas disuasorios e de control, para axudar a previr delitos e tamén a resolvelos, pero debe ser un traballo coordinado e encamiñado a un obxectivo final, acadar a nominación de Patrimonio de la Humanidad.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Que o Concello promova un PACTO DE IMPULSO DO CASCO HISTÓRICO co obxectivo de presentar a candidatura do mesmo a ben Patrimonio de la Humanidad.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos: 24**

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno, **ACORDA** REXEITAR a proposta presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Iniciamos a quenda co Partido Popular, o seu portavoz.
- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa. Miren, a filosofía desta iniciativa, dende logo, é moi simple pero tamén á vez é moi ambiciosa e incluso podemos dicir que é histórica para Lugo. E tamén, señora

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Méndez, tamén é positiva, é positiva para os lucenses aínda que probablemente para vostede sexa tamén negativa.

Miren, o que pedimos tanto ao Partido Socialista como ao Bloque Nacionalista Galego é que se prepare o noso casco histórico para poder optar a esa declaración de Patrimonio da Humanidade. Espero desde logo contar co apoio de toda esta Corporación, outra postura desde logo que sería difícil de entender e tamén difícil de explicar.

Ademais, a señora alcaldesa, no 2019, xa nos convidou a todos a asinar un documento para iniciar estes trámites, pero o seu xesto, señora alcaldesa, quedou niso, nunha fotografía e nunha declaración de boas intencións; pero isto, señora Méndez, quedou, como dixen, en boas intencións.

Por iso debemos retomar este tema e podemos retomar este tema. Miren, neste momento o recinto amurallado dende logo que non vive o seu mellor momento, xa que o peche de negocios –aquí xa se falou– é unha realidade, o feísmo do cableado aéreo, a falta de avance no paseo interior da nosa muralla, as trabas e os atrasos na rehabilitación por culpa dun PEPRI desactualizado dende o 97 desde logo que son algunhas das materias pendentes e son competencias todas elas municipais. Isto por non falar de problemas de convivencia, de limpeza e de seguridade que están a provocar os botellóns que se realizan en zonas tan céntricas como o adro da Catedral.

Miren, o espírito desta iniciativa non é o de que ningún grupo político nos colguemos ningunha medalla. O noso obxectivo é buscar un consenso entre todos sobre as actuacións, investimentos e liñas estratéxicas para que o noso casco histórico de Lugo sexa Patrimonio da Humanidade. E aquí non caben as rivalidades políticas nin as zancadillas, nin as pelexas; e non me refiro á relación que se pode presupor entre Goberno e oposición, non, senón a esa competencia encarnizada que hai entre os dous socios de Goberno. Véxase o fiasco das barracas, da xestión dos fondos europeos, aínda que o Bloque agora parece que mete a cabeza debaixo da ala.

Dado que para preparar o casco histórico como candidatura á declaración de Patrimonio da Humanidade hai que traballar man a man departamentos distintos, tanto gobernados polos socialistas como polos nacionalistas, como son Urbanismo, Turismo e Mobilidade, por citar algúns, é polo tanto que lles pedimos que deixen de defender intereses partidistas e fagan un esforzo por Lugo e polos lucenses, xa que, de conseguir este recoñecemento, dende logo que suporía un espaldarazo para esta cidade, como supuxo a declaración de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, finalizou a súa quenda. Ten agora a quenda o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Bueno, efectivamente, que el casco histórico (...) esto es algo en lo que podremos coincidir todos, pero es obvio que hay que saber hacerlo. También todos coincidiremos en que ahora mismo el recinto amurallado sigue necesitando mejorar muchísimo, y no entendemos cómo es posible que con más calles peatonales las



calles todavía estén menos humanizadas y existan graves problemas de tráfico. La verdad es que creemos que todo responde a una mala organización, a no prever las consecuencias, a que se estén tomando medidas sin prever alternativas de forma previa a la peatonalización, y esto trae como consecuencia que se siga ahondando en un problema de fondo que no es otro que el de la bajada del comercio que se está comentando, que no existe el aparcamiento público suficiente. Es decir, el día a día del centro es incómodo, a día de hoy disuade a los ciudadanos de acercarse al centro. Sin embargo, no parece que el Gobierno local tenga la intención de trabajar y avanzar, ya no solo en el impulso general del centro del casco histórico, sino en esta candidatura que menciona esta propuesta que entendemos necesaria, que entendemos interesante, que entendemos importante, porque no se entiende que, por ejemplo, en las calles de nueva creación, como las recién reformadas, como puede ser Quiroga Ballesteros, que siga existiendo cableado aéreo; que no se haya aceptado, por ejemplo, una de las propuestas que hizo este grupo municipal de ocio alternativo y poner en marcha una programación de ocio diurno, nocturno, juvenil; que no haya cámaras de videovigilancia en las zonas del Patrimonio cuando este se ve atacado; que no haya más presencia policial.

Es decir, hay una serie de exigencias que se traen a este Pleno casi todos los meses, que todos los meses hay alguien que las menciona, alguien que las reivindica y a pesar de ello no se trabaja en este sentido. Nosotros creemos que esta propuesta es necesaria, es una propuesta además que redundante en algo en lo que todos coincidimos que ya se ha comentado aquí. Es importante que se trabaje en este sentido, tiene mucho que ver con la participación y la democratización de las políticas que se llevan a cabo desde el mundo municipal y creemos que acercar esta propuesta al ciudadano, es decir, que todos podamos participar de este impulso, sí ayudará definitivamente a que seamos candidatos a patrimonio de la Humanidad, que me cuesta decirlo pero a Lugo ahora mismo creo que todavía le queda mucho para poder ser candidato, y creo que con las políticas que se están haciendo hoy en día estamos muy lejos de conseguirlo.

**-LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Goberno, a señora Alvarellos.

**- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Comezaban vostedes a súa proposición dicindo que a alcaldesa se sumaba a unha iniciativa no ano 19 para que o casco histórico de Lugo fose candidato a Patrimonio da Humanidade. Pero en honra á verdade deberían dicir que este Concello asumiu como propio este reto xa en abril do 17, tamén a través dun acordo plenario, que non foi iniciativa súa precisamente, do Partido Popular.

Dende ese momento este equipo de Goberno ten amosado o seu compromiso con este obxectivo de moitas maneiras, unhas máis visibles, como poden ser, exteriorizouse xa en Fitur do 18 anunciando a preparación da candidatura; tamén no ano 19 cando a alcaldesa acadou o apoio da ministra de Industria, Reyes Maroto, nunha visita que realizou a esta cidade para impulsar esa declaración.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Ademais, este Concello ten firmado un convenio co Centro de Estudos da cidade da Universidade de Santiago de Compostela para preparar esta candidatura. Todo isto que lles estou contando, e que resulta notorio que descoñecen, está na hemeroteca, como tamén o está todoo labor que estamos realizando desde que comezou o mandato actual e que vostedes pretenden pasar por alto.

Examinando a súa proposición, na exposición de motivos só vexo unha proposta da súa parte: a instalación de cámaras de vídeo dentro das murallas para facer labores de videovixilancia. Iso é todo ao que se reduce para vostedes darlle impulso ao casco histórico de Lugo? Vostedes son incapaces de artellar e moito menos recoñecer o traballo a longo prazo que se leva feito, o traballo que se está facendo día a día, un auténtico proxecto de cidade que este Goberno deseñou e está executando. Entre os obxectivos precisamente está a declaración de Patrimonio da Humanidade a todo o casco histórico.

Só lles vou mencionar algunha das accións xa materializadas que ratifican e evidencian o compromiso deste Goberno con esta causa, que non é outra que apostar en valor e a recuperación do noso casco histórico, do noso centro histórico. Intervencións como a realizada no Camiño Primitivo, coa súa recuperación en toda a zona do Carme; a humanización e peonalización de espazos como pode ser o de Quiroga Ballesteros; e seguro que tiveron tamén unha oportunidade de coñecer hoxe pola prensa cal é o destino que este Concello vai dar aos fondos europeos Next Generation, fundamentalmente polo que se refire, como espero que lesen, á peonalización de todo o casco histórico. Porque neste Goberno construímos, crecemos e progresamos e traballamos. E ofrecemos tamén cando xestionamos ARRUS por exemplo para a rexeneración deste casco histórico ou melloramos a accesibilidade da Porta Falsa; por certo, moi pretiño de alí xustiño ao lado, e onde toda a sociedade lucense e este Goberno tamén quere crear, para iso mesmo, para impulso o Museo da Romanización ao que tantas pedras lle levan posto vostedes e o seu partido.

Señor Carballo, vostede é parlamentario no Hórreo, arrime o ombro e non poña pedras, porque iso si que é impulsar a nosa cidade e o noso casco histórico, e non o vexo polo labor.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o grupo propoñente, para o Partido Popular, señor Carballo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas de novo, señora alcaldesa.

Mire, señora Alvarellos, nosoutros non nos apropiamos de ningunha iniciativa dos demais. Ademais, cando son positivas, apoiámolas. O que si nosoutros hoxe traemos unha proposición, unha iniciativa positiva para esta cidade, e non saia vostede co Museo da Romanización, co Cuartel de San Fernando, cando teñen o noso casco histórico totalmente abandonado. Se o Cuartel de San Fernando está na situación en que está, mírense tamén o seu embigo, que pasou con el, co Auditorio, onde ía ir aí, e agora teñen un novo auditorio onde se investiron máis de 23 millóns de euros e pouco máis se empeza a desguazar. Miren vostedes o que están mirando por este casco histórico, miren o que están facendo coa limpeza do





noso casco histórico, reflexen o que está pasando cos botellóns no noso patrimonio, miren iso.

A vostedes moléstanlles as cámaras de videovixilancia, xa parece que se contaminaron tamén do seu socio de Goberno. Miren, as cámaras de videovixilancia non son ningún estorbo para os cidadáns de ben e que andamos pola rúa con normalidade. As cámaras de videovixilancia hainas en todas as cidades españolas, galegas e europeas e non causan ningún problema, que só beneficios, para protexer o noso patrimonio. Polo tanto, non vaia vostede por aí. Esta iniciativa é positiva e o que lles pedimos a vostedes é que se poñan a traballar nun proxecto solvente para que poida ser admitido...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Creo que a veces es bueno recordar el objetivo de la propuesta; el objetivo de la propuesta es que se promueva un pacto de impulso del casco histórico. Es que es difícil justificar no a esto. ¿Cómo se va a decir que no a que entre las fuerzas políticas del Ayuntamiento de Lugo haya un pacto para el impulso del casco histórico? Es que no tiene sentido ninguno, esto no lo va a entender nadie, y además hace tanta falta que ahora cuando mi compañera, la señora Alvarellos, mencionaba las intervenciones, fijémonos en las intervenciones que defiende el propio Gobierno: habla del Camino de Santiago, que no pasa por el casco histórico, por el recinto amurallado; habla de Quiroga Ballesteros y habla de la Puerta Falsa. Es que necesitamos mucho más, es que hace falta muchísimo más; si queremos ser candidatos a Patrimonio de la Humanidad, las calles no pueden están sucias, no puede estar la calle de las Norias con contenedores rotos y apelmazada la basura desde hace meses que lo estamos denunciando; no puede estar una calle nueva como es Quiroga Ballesteros con cableado aéreo; no pueden estar barrios del centro todavía sin recuperar, sin rehabilitar. Es decir, queda muchísimo por hacer, y el hecho de que se pueda o podamos todas las fuerzas políticas hacer un pacto para trabajar en ese sentido o aunar fuerzas debería ser algo positivo. ¿Por qué se ve algo negativo en esto? Yo en la propuesta no veo ningún motivo oscuro. Es un pacto para el impulso del casco histórico.

Nosotros, desde luego, creemos que es bueno, creemos que es necesario y por ello votaremos a favor. Muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e segunda quenda para a portavoz do Goberno, para a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Compañeiro Juan Vidal-Pardo, é que nós non nos estamos opoñendo a esa declaración, a ese impulso entre todos. É que xa está feita. Están vostedes intentando meter aquí unha cousa que xa está acordada e que nós estamos traballando. O que lle trato de explicar é que nós xa estamos traballando, non veñan hoxe a dicir que se impulsou a declaración de

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Patrimonio da Humanidade, é que nós xa estamos traballando porque xa se acordou nun acordo plenario.

E, señor Carballo, o que está claro, o que está claro, é que o Museo da Romanización xa se presupostou pola Xunta hai moitos anos, o que pasa é que vostedes pararon todo e poñen pedras a ver se están vostedes gobernando cando o poñan, que só queren botar cortinas de fume a ver se me toca a min cando eu governe, a ver se teño sorte de gobernar, entón si que saco o Museo da Romanización. Que nos coñecemos moi ben, coñecémonos moi ben.

A min non me molestan as cámaras de videovixilancia, señor Carballo, non me molestan nada; o que me parece é pírrica a súa proposta, pírrica con todo o que estamos a traballar, é que me parece case unha ofensa. Estamos a traballar, como dicía a miña compañeira Ana Abelleira, arreo. Estamos precisamente buscando ese impulso desta cidade, non só vimos aquí os xoves para tratar de lucirnos cunha proposición raquílica, pírrica, raquílica de miras, señor Carballo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para o grupo propoñente, para o señor Carballo, 30 segundos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas de novo, alcaldesa.

Bueno, antes de nada teño que agradecer o apoio á iniciativa de Ciudadanos, porque parece ser que é o que mostra algo de sentido común, porque a iniciativa non vai en contra de ninguén, senón a favor dunha proposta positiva. Pero o que vemos, señora Alvarelos, *dime de lo que presumes y te diré de lo que careces*, e vostedes presumen de traballo e o que menos teñen é traballo. Vostedes do único que se preocuparon neste mandato é de facer o Goberno máis caro da historia da cidade, con dedicacións exclusivas a diestro e siniestro pero o traballo brilla pola súa ausencia. Polo tanto, póñanse a traballar...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Se as argumentacións sempre teñen que ser reiterar o tema dos salarios, dedicacións, mirándose polo seu propio grupo, señor Carballo, e que sexa máis frutífero o que pagan os lucenses e que fagan ese labor, tanto de control como de fiscalización como propositiva, que queremos que sexa propositiva. Pero é que lle reitero e lle reiteramos, é dicir, a candidatura para conseguir ese ben de Patrimonio da Humanidade xa é un feito, xa é unha realidade, e un proceso e un proceso longo, teduo, estámolo vendo. Incluso agora mesmo co patrimonio da Ribeira Sacra que a Xunta de Galicia deu un paso atrás para garantir, estamos vendo a complexidade de acadar estes obxectivos e estes logros. E no proceso é no que estamos a traballar dende o Concello.

A reforma integral, coa peonalización integral, coa dinamización do comercio, coa execución dos distintos fondos, co viveiro de empresas que puxemos en marcha. Que botamos de menos?: a acción da Xunta de Galicia, a acción da Xunta de Galicia. Máis vivendas, como a que se entregou onte, si, pero moitas máis. Que fixo a Xunta de Galicia en 11 anos? Catro rehabilitacións de catro vivendas! Máis, necesitamos moitas máis para seguir dinamizando o casco histórico. Necesitamos o Museo da Romanización para seguir revitalizando o casco histórico, para facelo un

referente turístico e un dinamizador económico tamén no casco histórico. O Pazo de Dona Urraca, a torre, onde están os restos que están catalogados durante anos sen facer absolutamente nada.

Deixen de poñer deberes continuamente e póñanse a traballar alí onde son goberno, que é onde teñen a capacidade de seguir transformando, desde os gobernos. E aquí queren gobernar e na Xunta fan oposición. Invertan os papeis, fagan aquí oposición e gobernen na Xunta de Galicia reivindicando as necesidades da cidade de Lugo.

Imos proceder entón á votación da proposta.

**7/123 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 302/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DESENVOLVER UN PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO INCLUSIVO PARA A CIDADE DE LUGO.** (Exp. 2021/G004/000785).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 302/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas na reunión celebrada o día 23 de setembro de 2021, e cuxo teor é o seguinte:

“A Organización Mundial do Turismo (OMT), que inclúe a máis de 159 países, avoga porque o turismo sexa unha actividade que contribúa ao crecemento económico, ao desenvolvemento incluínte de toda a sociedade e á sustentabilidade ambiental das comunidades turísticas.

De forma anual, o 27 de setembro celébrase o día do Turismo Mundial e o lema para este ano 2021 é “Turismo para un crecemento inclusivo” pois o turismo é un dereito que pode e debe exercer calquera persoa independentemente das súas capacidades. Só en España hai 3 millóns de persoas con certificado de discapacidade, 4 millóns se se trata de dependencia pero en realidade calcúlase que máis de 7 millóns de persoas elixen o seu destino en función da accesibilidade que este proporciona.

Unha das fortalezas da nosa cidade é precisamente o seu potencial turístico, pois non só contamos coa declaración de tres patrimonios da humanidade, senón que dispoñemos tamén dun centro histórico único, un patrimonio eclesiástico abundante, unha contorna natural de bosques e ríos espectacular e unha gastronomía que destaca por si mesma, e iste potencial debería de ser totalmente accesible.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos que se precisa unha actualización profunda da promoción turística de Lugo e que precisamente se podería aproveitar esta ocasión para por en marcha un Plan Estratéxico de Turismo Inclusivo para Lugo.

Propónse que, dende o Concello, e traballando coordinadamente as áreas de cultura, de vías e obras e as de servizos sociais e urbanismo, entre outras, deberíanse de levar a cabo diferentes accións que afectan a distintos servizos da cidade, para conseguir este obxectivo.

Entre as actuacións para abordar poderíase destacar a elaboración dunha

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

GUIA de SERVIZOS para o Turismo Inclusivo de Lugo na que se deberían incluír, por exemplo, qué lugares de pernoita están correctamente adaptados, qué servizos de restauración ofrecen menús para necesidades sanitarias particulares, localización de museos e edificios de patrimonio municipal entradas/saídas accesibles, accesibilidade a zonas verdes, etc.

Proponse que para isto se conte coa participación das distintas entidades sociais e que se aproveiten os recursos da propia cidade de Lugo como son as aulas de formación TIC da Deputación provincial, os profesionais do campus universitario, os guías turísticos, as empresas do CEI- NODUS relacionadas con este sector, etc.

Se se desenvolve este plan estratéxico, ademais Lugo poderá ser promocionada turísticamente a nivel mundial pola Rede Española de Turismo Accesible a través da súa web "España é Accesible" e os seus distintos programas, financiados polo Goberno de España.

Por todo isto o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, propón unir os esforzos de todos e considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Que o Concello elabore un PLAN ESTRATÉXICO DE TURISMO INCLUSIVO EN LUGO que impulse o turismo para todos nesta cidade."

Vista a emenda "in voce" presentada durante o debate polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da proposición, consistente en redactar o punto de acordo do seguinte xeito: "Que o Concello de Lugo desenvolva un Plan Integral de Desenvolvemento e Fomento Turístico no que se integre unha estratexia de Turismo inclusivo, tal e como se recolle como obxectivo principal do Consello Municipal de Turismo"

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

### Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcadesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno, **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular coa modificación introducida pola emenda aceptada que figuran transcritas na parte expositiva do presente acordo.



### DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o grupo propoñente, para o Partido Popular.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Grazas, señora alcaldesa, e bos días. A Organización Mundial do Turismo avoga por que, ademais de ser unha actividade que debe contribuír ao crecemento económico e á sustentabilidade ambiental, o turismo tamén debe contribuír ao desenvolvemento incluínte de toda a sociedade, e un dos puntos claves desta inclusión é a adaptación destes servizos turísticos ás discapacidades.

Só en España hai tres millóns de persoas con certificado de discapacidade, catro millóns se se trata de dependencia, pero en realidade calcúlase que case máis de 7 millóns de persoas elixen o seu destino en función da accesibilidade que este proporciona.

Unha das fortalezas da nosa cidade é precisamente o seu potencial turístico, acompañado dunha gastronomía que destaca por si mesma. E no Partido Popular consideramos que todo isto debe poder ser desfrutado por todos independentemente das súas capacidades. Por este motivo, fixemos unha primeira aproximación, reuníndonos con diferentes asociacións sociais da cidade e algún veciño, as cales puxeron de manifesto que efectivamente si se atopaban con variadas dificultades á hora de acceder a determinados servizos turísticos da cidade. Así que dende o Grupo Municipal do Partido Popular cremos que se necesita unha adaptación seria e permanente da accesibilidade turística de Lugo, polo que pedimos o apoio de toda a Corporación para que se elabore e poña en marcha un Plan estratéxico de turismo inclusivo en Lugo para todos.

Para este plan estratéxico, que debe ser permanente, brevemente poderíamos mencionar unha primeira batería de solucións para solventar as dificultades que existen actualmente. Por exemplo, así deberíase elaborar unha guía de servizos para o turismo inclusivo de Lugo permanentemente actualizada, na que se inclúa que lugares de pernocta realmente si están adaptados e non só hoteis; que servizos de restauración ofrecen menús específicos para as necesidades sanitarias particulares, por exemplo celíacos; e un mapa dos aparcamentos reservados e os itinerarios que leven ata as entradas accesibles, o famoso *wing flying*, etcétera, e todo con información permanentemente actualizada e adaptada ás distintas discapacidades.

Poderíase contar tamén cun servizo baixo demanda de guías turísticos especializados na atención destas discapacidades; deberíanse instalar en todos os edificios turísticos sistemas de bucle de indución magnética para facilitar a audición, de feito nalgúns deles a voz do guía fai eco; deberíase elaborar material específico para os museos municipais, como réplicas que se poidan tocar, mapas con relevo dos edificios e, sobre todo, audiovisuais específicos e adaptados ás distintas discapacidades, non olviden a intelectual, e accesibles por exemplo mediante códigos QR que se puideran descargar facilmente.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Deberíanse habilitar suficientes baños públicos para persoas non só con discapacidades físicas, senón os suficientes para as discapacidades orgánicas, por exemplo, problemas de próstata, enfermidades inflamatorias intestinais, por exemplo, e un mapa de onde están. E un sinfín de cousas máis.

Propónse que para acadar isto por unha banda se conte coa participación e o asesoramento de persoal, dos técnicos que xa teñen as entidades sociais...

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas.

Quenda agora para o Grupo de Cidadáns, 3 minutos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Non nos cansamos de repetir as potencialidades que ten a nosa cidade como destino turístico, non só por contar con tres patrimonios da humanidade, senón tamén polo entorno natural, cultural e histórico que a rodea, sen esquecermos tamén doutro aspecto a destacar e por todos recoñecido que é a súa gastronomía. E, a pesar disto, Lugo segue a ser un destino de paso e non un lugar ao que se lle adica máis dun día, salvo para os que nos visitan que marchan con ganas de regresar e en moitas ocasións así o fan, repiten con máis tempo. E isto só se explica porque ata o de agora non se lle adicou nin o tempo nin os recursos para contar cunha estratexia turística tendo en conta todos os sectores involucrados, non só o político. Así tamén o pedimos desde o noso grupo solicitando a convocatoria do Consello de Turismo, que a señora Ferreiro nos dixo que convocaría o antes posible, pero ata o de agora nada de nada. Non debeu de ter tempo nestes 18 meses, debeu de ser que estivo moi ocupada preparando as festas de San Froilán deste ano 2021.

Porque neste espazo cremos que é onde se teñen que tratar os puntos fortes da nosa cidade e as debilidades coas que conta para ser un destino turístico de calidade. Así o defendemos en febreiro do ano pasado co voto favorable de todos, pero que nunca máis, e isto a pesar de saber que este tamén é un motor clave para o desenvolvemento económico local. Señora Méndez, tendo en conta –bueno agora non está, pero seguro que llo poden recordar os seus compañeiros–, tendo en conta que o desenvolvemento económico é moi importante para a cidade, e así o repite vostede, a ver se nos bota un cable e lle recorda á señora Ferreiro que convoque o Consello Municipal de Turismo a ver se así conseguimos que si cumpra ese acordo plenario.

E aí tamén se ten que traballar para que Lugo sexa unha cidade verdadeiramente inclusiva, non só para encher un titular. E seguro que todos recordan como hai dous anos o señor Repetto anunciaba en rolda de prensa que Lugo presentara a súa candidatura para o Premio Europeo de Cidade Accesible 2020. Despois desa rolda de prensa nunca soubemos nada máis disto, porque nin unha palabra; gañou Varsovia. Porque a Lugo aínda nos queda moito por mellorar, e só falta ler os motivos polos que se concede este premio para ver que queda un longo camiño. Pero para dar un titular pois ben lles valeu.

Unha cidade inclusiva é unha cidade na que toda a poboación, con ou sen discapacidade, non atopa dificultades nin barreiras. Unha cidade que quere optar a ser un destino turístico inclusivo debe permitir que todos poidamos desfrutar da



mesma en igualdade de condicións, e non só supón eliminar barreiras arquitectónicas, senón tamén as de comunicación e as dos medios de transporte. Desde Ciudadanos cremos que este plan de turismo inclusivo ten que estar incluído dentro dun plan estratéxico integral de turismo que debe tratarse no Consello Municipal, que ten como obxectivo, e aí está no seu regulamento, desenvolver un plan integral de desenvolvemento e fomento turístico. Polo tanto, presentamos unha emenda *invoce* para que a teña en conta o Partido Popular para que o punto de acordo sexa que o Concello de Lugo desenvolva un plan integral de desenvolvemento e fomento turístico no que se integre unha estratexia de turismo inclusivo, tal e como se recolle como obxectivo principal do Consello Municipal de Turismo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois a continuación ten a quenda a portavoz do Goberno, a concelleira de cultura, a señora Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Bo día. Grazas, alcaldesa. Xa no ano 2015 Lugo foi nomeado como destino turístico mellor adaptado do Estado español para as persoas con problemas de mobilidade. Nestes últimos anos seguimos a traballar dende as distintas áreas do Goberno para avanzar e facer de Lugo un lugar amable e axeitado para todas as persoas, ademais atendendo e escoitando as demandas dos distintos colectivos cos que se traballa, traballouse man a man. Neste momento temos un transporte público adaptado, taxis adaptados e coa nova renovación dos buses urbanos tamén adaptados ás novas tecnoloxías que axudan a mellorar a calidade de vida das persoas con algún tipo de discapacidade. Semáforos adaptados con sons e pictogramas. Atendendo ás demandas veciñais, rebaixáronse beirarrúas e vaise facer un acceso adaptado ao Centro de Saúde de San Roque. Nas actividades organizadas desde o Concello sempre se teñen en conta as súas necesidades.

E non só nos preocupa que Lugo sexa unha cidade accesible para as persoas turistas, tamén temos compromiso para incluír as persoas con discapacidade e darlles ese protagonismo necesario e que se sintan partícipes das actividades de Lugo. E voules a poñer só dous casos, dous exemplos: no ano 2019 Ana Iglesias, hoxe campioa olímpica, foi a encargada de acender o alumeado do Nadal; este Goberno pensou nela como persoa axeitada para acender ese alumeado. Este ano no San Froilán temos unha pegoira con mobilidade reducida, e ademais creo que é a primeira vez, se non, díganmo e rectifico, é a primeira vez que acontece na historia do San Froilán. Que mellor traballo para facer un Lugo inclusivotamén para a veciñanza e tamén para as persoas viaxeiras.

Non imos negar que sempre quedarán cousas por mellorar, non só de cara ao turismo, senón para toda a veciñanza, para todas as persoas que teñan algún tipo de discapacidade. No noso Concello quedan aínda moitas eivas na sanidade, no ensino público e en moitas administracións tamén implicadas, e desde aquí temos que agradecer e gustaríame agradecer tamén a implicación dos distintos sectores, como o da hostalaría e do pequeno comercio, para facer esas adaptacións dos

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

seus locais, que moitas veces o fixeron con moitísimos esforzos debido á propia estrutura e á propia superficie dos locais.

Hoxe todas as persoas que deciden visitar Lugo teñen moitas maneiras de buscar e atopar o que precisan e, desde logo, desde a Oficina de Turismo sempre están dispostas a axudar...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para a portavoz do Partido Popular.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Grazas.

Miren vostedes, o pasado luns día 27 foi o Día Mundial do Turismo para o Crecemento Inclusivo e pasou sen pena nin gloria e totalmente ninguneado polo Goberno desta cidade, porque poderán facerlles as vanas promesas de sempre aos veciños, estamos continuamente a escoitar, primeiro, "estamos a traballar niso", segundo, "facemos un apaño eun trampantoxo", como esta guía que fixeron para un premio que lles deron, pero esta guía está totalmente obsoleta porque é do ano 2007. O premio que lle deron do 2015 era porque tiñan un plan, pero hai que traballar nel. E o problema é que despois se olvidan, porque todas estas cousas que acabo de dicir son necesarias para o turismo, que é do que estamos a falar, do turismo, e están sen facer porque son cousas que non din os propios usuarios.

Ademais, a día de hoxe non é ningún problema nin hai excusas para adaptar todos os sitios turísticos porque a Organización Internacional de Normalización co asesoramento da ONCE ten publicada unha norma que facilita todo isto. Non hai nada que pensar, só hai que adaptalo. Nesta norma por exemplo destácase como se debe transmitir a información ás persoas con dificultades, facendo fincapé na enorme utilidade do uso xa das tecnoloxías dixitais. Lémbrolles que dende o Partido Popular xa insistimos reiteradamente en que a información turística de Lugo deixa moito que desexar, nin está actualizada, nin apps, nin nada.

É fundamental traballar, por exemplo, para que a xente poida chegar a sitios turísticos co transporte ese que menciona, que é adaptable, pero eu entro e despois non sei a onde ir, non teño...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas e quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Nada, simplemente comentarlle á señora Ferreiro que xa ten o órgano regulado para fortalecer o desenvolvemento turístico da cidade, no que están tamén regulados os participantes para traballar nesa estratexia, que non son só os que quere vostede como concelleira de Cultura, porque hai moitos máis sectores na cidade que tamén están interesados en contribuír coas súas propostas no desenvolvemento turístico, porque, como lle repetíaa principio, é un sector económico moi importante para a cidade e que temos que seguir afondando e mellorando. E á parte creo que tamén se estaba a traballar na recuperación da páxina de Lugoaccesible, que foi o que quedou aí esquecido por parte dos gobernos anteriores; creo que é un paso importante que ademais estaba





traballando tamén unha asociación como é Auxilia, que tiña grandes aportacións para esa páxina e queremos que se siga avanzando nesa tema. Queda un longo camiño por traballar sobre todo porque vendo en base a que se lles concede estes premios e estas mencións a cidades europeas pois temos o claro exemplo no que temos que seguir traballando e que temos que copiar. Porque a ver se copiamos o bo nalgún momento e non o malo, e a ver se recordamos as cousas que se fan ben noutros sitios e non as que se fan mal, porque así seguramente conseguiremos avanzar e poderemos conseguir que Lugo sexa un destino turístico de calidade para todas as persoas con ou sen discapacidade e que poida ser desfrutada por todos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda para a portavoz do Goberno, a señora Ferreiro.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Tal e como estabamos falando aquí parece, desde logo, que Lugo é unha carreira de obstáculos para as persoas con distintas discapacidades. E eu creo que é unha das cidades que máis ten avanzado para mellorar a calidade de vida de todas as persoas con distintos tipos de discapacidade.

De todas as formas, como xa dixen antes, queda moito por traballar, sempre queda por traballar máis e mellor, porque ademais as innovacións tecnolóxicas tamén axudan a facilitar todos eses traballos para as persoas que teñen esas distintas discapacidades. Non todas teñen as mesmas situacións, polo tanto hai que traballar de xeito conxunto, escoitando, como xa facemos, e traballando coordinadamente desde as distintas áreas do Concello.

Eu xa sei que lles gusta crear un Lugo catastrófico, pero as persoas que veñen aquí desde logo que marchan encantadas; as que están aquí desfrutan de poder pasear por Lugo, por todo o Lugo céntrico sen ter ningún problema de accesibilidade; e, bueno, seguiremos mellorando, pero desde logo que non entendemos que sexa necesario empezar un plan estratéxico porque xa levamos moito tempo e temos moitas ideas para desenvolverlas nos próximos meses.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e última quenda para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Non se trata de empezar un plan estratéxico, trátase de que sexa permanente e de que sexa, porque de verdade que o Grupo Municipal do Partido Popular reitera o seu apoio ao dereito de todos de poder desfrutar dos servizos turísticos de Lugo e os usuarios manifestaron que si hai dificultades nesta cidade. Por tanto, consideramos que o Concello non pode ser insensible a este dereito, e insistimos en solicitar o respaldo unánime da Corporación para executar esta proposición, que é totalmente en positivo e que é necesaria segundo os usuarios, e perfectamente factible. Nós ofrecémonos a colaborar neste proxecto porque é...



**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tal e como manifestou e dixo a portavoz do Goberno, trátase dun tema transversal, onde posiblemente a área de Cultura, dado que estamos a falar de turismo, Cultura e Turismo, ten moito que dicir, pero tamén a de Infraestruturas, tamén a de Inclusión, que é a preside o Foro de Accesibilidade e de Benestar, e, polo tanto, é unha cuestión transversal que temos presente dende toda a acción de goberno.

Pero eu quedo co que dicía incluso a propia oposición: o importante é que se siga avanzando. Se somos capaces de afirmar iso, é que somos capaces de recoñecer que se está a traballar e, se hai que avanzar, que siga avanzando, que xa leva avanzado e se leva feito un gran traballo.

Polo tanto, o motivo, cando rexeitamos estas propostas, o motivo precisamente é ese: que xa se está a facer. Polo tanto sexan vostedes creativos e veñan con iniciativas novas e non aquilo que xa se está a desenvolver por parte do Concello.

Leven a ese Foro de Accesibilidade algunha cuestión concreta para mellorar esa accesibilidade turística, esa accesibilidade da cidadanía e aí terase en conta. Teñen os órganos tamén establecidos para iso, fagan tamén esas aportacións novidasas nestes eidos.

Imos proceder á votación da proposta; votos a favor da iniciativa: 12...

- **SECRETARIO:** Perdón, señora alcaldesa, creo que Olga quere falar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Si?

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** É que nós fixemos unha emenda *in voce* e non se nos respectou...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** É certo, fixeron unha emenda *in voce*, a proposta era facer ese plan integral turístico onde se tivera en conta ou se incluía o turismo inclusivo. Por parte do Partido Popular? Si? Aceptan a emenda, pois entón votamos a proposta coa emenda incluída.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Si, si, si.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois votamos a proposta coa emenda incluída de Cidadáns.

**8/124 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 303/2021 DE REXISTRO DE PLENO, INSTANDO AO GOBERNO Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REBAIXA DO PREZO DA LUZ.** (Exp. 2021/G004/000786).- Vista a referida proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, número 303/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos



Humanos celebrada o 24 de setembro de 2021, do seguinte teor:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas primeiras semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial dos prezos, acadando niveis por riba dos 90€/MWh, que supoñían xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, pemes e autónomos.

Neste contexto, o pasado 1 de xuño entraba en vigor o novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores españois acollidos ao PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor). Daquela o Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (os de menor demanda). Este cambio nos hábitos de consumo redundaría en “menores custos para os consumidores” e “un maior aforro na factura”, tal e como se recolle na nota de prensa do Ministerio do pasado 5 de maio.

Nada máis lonxe da realidade. Son moitos os días nos que os medios de comunicación nos trasladan prezos récord consecutivos da luz. No mes de xullo o prezo medio no mercado maiorista acadou os 92,42€/MWh; en agosto, 105,94€/MWh; e o pasado 16 de setembro a cifra de 188,18€/MWh, cuadruplicando o valor que marcou durante o terceiro xoves de setembro de 2020 (47,11 euros).

Unha subida desbocada do megavatio hora que impacta de maneira moi especial nos colectivos máis vulnerables -aumentando o risco de pobreza enerxética- e naqueles autónomos, pemes e empresas que non teñen capacidade para adaptar a súa actividade aos novos tramos horarios.

Por outra banda, hai que engadir que -ata agora- en España menos do 40% da factura da electricidade dependía do custe da enerxía. O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (o Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica ou o IVE, entre outros).

Polo tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, pero cómpre desenvolver medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico. Sen embargo, mentres as familias, pemes, autónomos e todo o tecido empresarial galego - é especialmente a industria electrointensiva-, están moi preocupados por estas subidas descontroladas do prezo da electricidade, as medidas aprobadas polo goberno de España, non só chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen desde a improvisación, sen explicar que consecuencias terán o próximo ano.

Por otra parte, con relación al señor Pena, gracias por reconocer lo bien que lo está haciendo la Xunta, y, por otra parte, no vamos a aceptar sus enmiendas porque creo que han hecho mal los deberes, ya que en marzo de 2021 en el Pleno del Parlamento de Galicia se aprobó 120 plazas en salud mental, de las cuales 95 ya están en vigor. Y, por otra parte, se están haciendo este mes las agendas de calidad, donde todos los profesionales de los equipos de atención primaria van a tener su trabajo y sus responsabilidades trabajando en equipo, porque, aunque les pese, no se olviden de que para todo el personal del Sergas, sanitario y no sanitario, y para la Xunta y la Consellería los pacientes son el eje fundamental y central de todo el sistema sanitario en Galicia. Y priorizando nuestros pacientes es como se está trabajando en Galicia y no poniendo piedras, como está haciendo su amigo Pedro Sánchez en el Gobierno central, porque el sistema sanitario de atención primaria sufre una crisis en toda España, y, para problemas comunes, soluciones comunes coordinadas, y de eso el único responsable es el señor Sánchez y su Gobierno...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda para o portavoz de Cidadáns. Perdón desculpe. Pois entón quenda para o portavoz do BNG.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas.

Señora López, o BNG non fixo os deberes e non sei “*manzanastraigo*”, pois acepte esa emenda. Estamos traballando nelo, que dicía o seu adorado exjefe.

Existe un problema, que apuntaba tamén o voceiro do PSOE, que é a precariedade, que tamén vai directamente vinculada á Xunta de Galiza, onde a señora López parece que vive no mundo de Yupi, porque a realidade é que hai unha precariedade moi ampla en todo o persoal vinculado ao Goberno da Xunta de Galiza neste eido.

Falamos aquí nunha moción de traer talento, nunha proposición. Ao mellor hai posibilidade de atraer talento é mantelo, mantelo con contrato decentes e ben pagados e non expulsando a xente, como ben apuntaba o señor Fernández.

Ese é o primeiro paso que debería dar a Xunta de Galicia para non caerlle a cara de vergonza traendo aquí unhas proposicións que, bueno, que non sei se é para ascender politicamente ou porque veñen elaboradas desde o Comité Central do Partido Popular.

Entón, iso en primeiro lugar. En segundo lugar e estando de acordo, como dicíamos, na ampliación da formación do MIR, que fagan eses trámites oportunos, nós estamos completamente de acordo, esperemos que non sexa intención do Partido Popular rebaixar esa formación pública, como nos ten acostumados en



moitísimas medidas cando mete a pata no sistema público, que é privatizar e rebaixar a calidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, grazas de novo.

Mire, señora portavoz do Partido Popular, tan de acordo estamos con que hai que ampliar as prazas MIR, á parte desoutra problemática, que para o ano 2022 o ministerio ten convocadas 10.624 prazas de formación sanitaria especializada, das cales 8.188 corresponden a formación MIR, o que supón case o 4% máis que o ano anterior, sendo o terceiro ano consecutivo con maior número de prazas ofertadas na historia.

Mire, o ministerio fixo o seu traballo, fagan vostedes o seu. Por exemplo, cubrindo a totalidade das vacantes e das baixas que se producen en todas aquelas categorías con listaxes de substitución e con persoal en paro; ou ofrézalles aos centos de profesionais que se viron obrigados a emigrar unhas condicións laborais, salariais e profesionais dignas, e verán como a maioría regresa á terra onde naceron, onde se formaron e onde teñen o dereito de traballar. Non se foron voluntariamente, fóronse porque literalmente os obrigaron as súas políticas de recortes.

E non faga demagogia coa atención primaria. Todos sabemos que funciona e funciona moi ben grazas á profesionalidade e ao bo facer dos profesionais, de todos, de todas as categorías, e a pesar de vostedes. Pero, claro, é máis doado, moito máis cómodo loxicamente reclamarlles a outros e pedir amparo a terceiros e de paso seguir fozando nunha...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, señor Fernández. Última quenda agora para a señora López, 30 segundos.

- **MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ SILVA:** Señor Fernández, espero que vote a favor ya que está tan preocupado por la atención primaria de Lugo, me parece estupendo. Como médico de atención primaria y como concejala, espero el monólogo de la señora alcaldesa y le digo como mujer que ya está bien, que las mujeres de su bigobierno utilicen la condición de mujer constantemente como cortina de humo a ser cuestionadas por su mal hacer y su mala gestión. Flaco favor hacen ustedes a la lucha por la igualdad. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois, se intervir e falar é malfacer... Outra cousa é o que se diga e o fondo, que poidamos estar de acordo ou non, pero se intervir e falar é malfacer, ten vostede un concepto moi equivocado, non só do feminismo, señora López, non só do feminismo, senón da democracia. E ten un problema grande, ten un problema grande.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

E como profesional da atención primaria debería cuestionarse e saber e preguntarse cando menos por que acaba de dimitir o director, debería facerse esas preguntas en vez de intentar sempre sacar balóns fóra. Porque ademais, máis aló das solucións que lle plantexa agora mesmo o portavoz do Partido Socialista, que lle plantexou solucións, como podían cando menos paliar, tamén é curioso, hai que ter pouca vergonza, á parte de nada de feminismo e moi pouca democracia, hai que ter moi pouca vergonza para falar de se quitaran vostedes a taxa de reposición. Oia, levamos nós batallando e pelexando para que nos quiten esa taxa de reposición, o que asfixiou as administracións e tamén, de maneira colateral, sen ter unha incidencia directa pero na sanidade, señora López, que vén agora aquí a pedir que quite o que vostedes impuxeron. Hai que ter, á parte de pouco feminismo, pouca democracia, pouca vergoña.

E reitérolle: vou falar as veces que considere oportuno porque para iso son a presidenta e a alcaldesa desta institución, por moito que lle pese ao Partido Popular e por moito que lle pese a vostede, señora López.

Imos pasar á votación desta proposta.

### **B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

## ACTAS E GOBERNO

**10/126 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE XULLO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 13 de setembro de 2021, do seguinte teor literal:

“En conformidade co informe da Vicesecretaría Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 19 de xullo de 2021, coa numeración 6282/2021 a 7528/2021, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

## TESOURERÍA



**11/127 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DOS MESES DE FEBREIRO A XULLO DE 2021.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Tenente de Alcaldesa da Área de Cohesión Territorial, en substitución da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, de data 9 de agosto de 2021, e cuxo teor literal é o seguinte:

“En conformidade co informe da Tesourería desta mesma data e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira dende o 01 de febreiro de 2021 ata o 31 de xullo de 2021, coa numeración 4/2021 á 17/2021.

**«ASUNTO: INFORME DE RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA.**

**PRIMEIRO.** Durante os meses de febreiro a xullo ditáronse por esta Tesourería as seguintes resolucións:

NÚMERO	DATA	CONTIDO
4/2021	11/02/2021	Resolución recurso reposición contra dilixencia de embargo
5/2021	17/02/2021	Retroacción procedemento de constrinximento
6/2021	17/02/2021	Resolución recurso reposición contra providencia de constrinximento
7/2021	18/02/2021	Retroacción procedemento de constrinximento
8/2021	01/03/2021	Retroacción procedemento de constrinximento
9/2021	08/03/2021	Declaración caducidade procedemento DRS Construcciones Pedrouzo SL
10/2021	08/03/2021	Declaración caducidade procedemento DRS Construcciones Pedrouzo SL
11/2021	08/03/2021	Resolución alegacións expte. DRS CNT
12/2021	12/04/2021	Resolución recurso reposición contra providencia de constrinximento.
13/2021		Non existe por error
14/2021	21/05/2021	Desestimación suspensión
15/2021	14/06/2021	Resolución recurso reposición contra dilixencia de embargo
16/2021	18/06/2021	Resolución recurso reposición contra dilixencia de embargo
17/2021	28/06/2021	Retroacción apremio

**SEGUNDO.** Visto o establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como o disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

*DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira».*

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**12/128 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE 2º TRIMESTRE DE 2021.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do 9 de agosto de 2021, asinada polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial, en substitución da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do seguinte teor literal:

“Ao abeiro do artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 05 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dáse conta ao Pleno da Corporación do Informe de morosidade correspondente ao segundo trimestre de 2021 emitido pola Tesoureira Municipal en data 04 de agosto de 2021 e que literalmente dí:

**«ASUNTO: INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2021.**

### **LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- *Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Guía do Ministerio de Economía e Facenda de 23/03/2011 para a elaboración dos Informes trimestrais que as entidades locais deben remitir ó citado Ministerio, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

- *Real Decreto-Lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego*

- *Real-Decreto Lei 8/2013, de 28 de xuño de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

- *Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do sector público (LCAP).*

- *Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

- *Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da debeda comercial no sector público.*



- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas para a aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).

- Nota do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas de 15/01/2014 relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

- Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a cumplimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das EELL, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

#### **INFORME.**

**PRIMEIRO.** A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira -LOEOESF-, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, despois de dispor que as actuacións das Administracións Públicas están suxeitas ao principio de sustentabilidade financeira (art. 4 LOEOESF na súa redacción dada pola LO 6/2015), define ésta como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea. Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade. Para ou cumprimento do principio de sustentabilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

O período medio de pago definido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, mide o retraso no pago da debeda comercial en términos económicos, como indicador distinto respecto do periodo legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 08 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Durante o tempo de vixencia do Real Decreto 634/2014 xurdiron dúbidas sobre a súa compatibilidade coa Directiva 2011/7/UE, de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como coa Lei 3/2004, de 29 de decembro.

Neste senso, a modificación efectuada polo Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, aclara a diferenza entre o concepto do período medio de pago a

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

*provedores ao que se refire a LO 2/2012, e o prazo máximo de pago a provedores ao que se refire a normativa en materia de morosidade. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na LO 2/2012 para o aseguramente de parte do pago. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo cuxo incumprimento provoca o decheño automático de xuros da débeda impagada.*

*Coa entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017 de 22 de decembro, prodúcese unha modificación na metodoloxía do cálculo do Período Medio de Pago, xa que o cómputo realízase desde a aprobación dos documentos de conformidade das facturas incluídas no mesmo. Elo implica que o PMP xa non pode ser negativo e que non poida ser obxecto de comparación en termos homoxéneos cos calculados ata o mes de abril de 2018, o que sí pode seguir a facerse coas cifras de morosidade, se ben, o límite máximo segue situado en 30 días.*

*Para o cálculo do período medio de pago a provedores téñense en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.*

*Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos Pagos a Proveedores. Asimesmo, quedan excluídas as propostas de pago que sexan obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados polos órganos xudiciais ou administrativos.*

**SEGUNDO.** *O artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, respecto da Administración Local, dispón que*

*«3. Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes».*



**TERCEIRO.** Os datos, obtidos do aplicativo da contabilidade municipal a 30 de xuño de 2021, e rendidos na Oficina Virtual de Coordinación coas Entidades Locais do Ministerio de Hacienda y Función Pública son os seguintes:

**1. Obrigas pagadas en prazo.**

No segundo trimestre do ano 2021 realizouse o pagamento de 1.390 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 13.151.395,16 euros. De ditas facturas, 1.034 foron pagadas dentro do prazo establecido. O importe total das facturas pagadas en prazo ascendeu a 9.311.755,00 euros.

**O número de facturas pagadas en prazo supón o 74,39% do total de facturas, e o importe pagado en prazo supón o 70,80% do total pagado.**

**2. Obrigas pagadas fora prazo.**

No segundo trimestre do ano 2021 realizouse o pagamento de 1.390 facturas, ascendendo o importe global das mesmas a 13.151.395,16 euros. De ditas facturas, 356 foron pagadas fora do prazo anteriormente reflectido. O importe total das facturas pagadas fora de prazo ascendeu a 3.839.640,16 euros.

**O número de facturas pagadas fóra de prazo supón o 25,61% do total de facturas, e o importe pagado fóra prazo supón o 29,20% do total pagado.**

**3. Período medio de pago.**

O período medio de pago (PMPE) é de **59,37 días**.

**4. Facturas pendentes de pagamento ao final do trimestre.**

Do total de facturas quedaron pendentes de pagamento a 30 de xuño de 2021 952, que representan un importe global total de 9.344.197,07 euros.

Das anteditas facturas, 566, 8.292.090,07 euros estarían pendentes de pagamento pero aínda dentro do prazo legalmente previsto para poder efectualo. As 386 restantes, 1.052.107,00 euros, incumprirían o prazo legal de pagamento.

**5. Período medio de pago pendente.**

O período medio de pago pendente (PMPP) é de **118,85 días**.

**6. Xuros de demora.**

Durante o segundo trimestre de 2021 aboáronse xuros de demora por importe total de 0,00 euros.

**7. Períodos medios de pago mensuais:**

Os períodos de PMP incluídos son os seguintes:

Períodos de PMP incluídos	PMP (días)
Abril 2021	16,40
Maio 2021	9,15

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

Xuño 2021	9,98
-----------	------

**CUARTO.** De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 4º da Lei 15/2010, sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o presente informe remitiuse aos órganos competentes do Ministerio de Hacienda.

**QUINTO.** Os datos do segundo trimestre 2021 reflicten o mantemento da mellora xa detectada no cuarto trimestre 2020 e no primeiro trimestre 2021 na reiterada situación de paralización na tramitación de facturas por parte dalgúns servizos que está a producir incumprimentos nos prazos de morosidade trimestrais.

Neste segundo trimestre constátase un incremento do importe pagado dentro de prazo, así como unha diminución das facturas pendentes de pago en situación de incumprimento do prazo legal.

O importe de facturas das compañías eléctricas historicamente **supón a maior parte do importe de facturas pendentes de pago**, tendo cando se lles presta conformidade nalgúns casos máis de 365 días de espera, e que de ser conformadas, deben aprobarse no Pleno Municipal mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito **o que alonga todavía máis os seus prazos de pagamento**. Este importe tan alto destas facturas e por ese longo prazo de espera, está alterando a media do cálculo do período de pago da normativa de morosidade. En calquera caso, incluso as que non teñen un período tan longo de espera, téñeno da suficiente entidade como para alteralos datos de pago do resto das facturas municipais que conforman os distintos Servizos e que se están a tramitar con normalidade e dentro dos prazos legais salvo excepcións. A sinatura do novo contrato de subministración de enerxía eléctrica as instalacións municipais do Concello de Lugo permitiu acadar un lixeiro mellor control das facturas, así como unha lixeira melloría na xestión do procedemento de conformidade e tramitación das mesmas.

Tal e como se ven informando de forma reiterada desde o exercicio 2016, dos datos que constan na Contabilidade Municipal pódese apreciar que desde que as facturas son aprobadas polo órgano municipal competente e se realiza a toma de razón na contabilidade municipal (fase «P» contable) ata que a Tesourería realiza o seu pagamento **transcorren escasos días**, o que pon de manifesto **que NON EXISTE un problema de liquidez nin imposibilidade financeira ningunha para poder afrontar os pagamentos municipais**. De feito, desde o cambio no cálculo do PMP pola entrada en vigor do Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, que pasa a medir os días que transcorren desde a aprobación das facturas ata o seu pago efectivo, o PMP do Concello de Lugo atópase por debaixo dos 30 días legalmente establecidos. Igualmente, os reducidos períodos medios de pago do Concello coaduxeron á mellora dos datos de morosidade, xa que apenas suman días aos de tramitación das facturas.

**Así pois, os incumprimentos que se teñen producido en materia da normativa de morosidade están a reflectir unha deficiente e lenta xestión interna na**



**tramitación administrativa das facturas pero en ningún caso un problema financeiro ou de liquidez para atender en prazo os pagamentos.**

**SEXTO.** *Tal e como xa se dixo en informes anteriores, o calendario fiscal fixado por esta Tesourería Municipal desde o ano 2012 reparte ao longo do exercicio económico tódolos padróns fiscais máis importantes en cuantía para garantir que durante todo o ano se produzan ingresos e evitar desequilibrios de liquidez na tesourería, ademáis de repartir no tempo a carga tributaria para o contribuínte.*

*Finalmente, o Calendario e Orzamento de Tesourería realizado para a subministración de datos na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais no segundo trimestre de 2021 segue estimando que se garantiza a cobertura financeira e de liquidez das obrigas que se puideran aprobar e que se atopan pendentes.*

**Reitérase por tanto a necesidade de tramitar nos prazos establecidos na normativa de morosidade as facturas que están pendentes así como as que entren por rexistro de entrada para evitar incumprimentos e, sobre todo, o abono de xuros de demora aos contratistas, o que xera un prexuízo económico a esta entidade».**

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

## PERSONAL

**13/129 DACIÓN DE CONTA DO LEVANTAMENTO DE REPARO DE LEGALIDADE DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS LEVADOS A CABO POLO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DURANTE O MES DE XUÑO DE 2021.-** Vista a proposta do Xefe do Servizo de Urbanismo, do 10 de agosto de 2021, conformada polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial, en substitución da Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do seguinte teor:

**“Asunto.- Dación de conta ó Pleno do Decreto da Alcaldía:**

**-Número 6518/2021, de trinta de xullo, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excmo. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal de ref. 2021/1197 (28-07-2021), no expediente de solicitude de aboamento pola realización de servizos extraordinarios levados a cabo por persoal funcionario do Servizo de Extinción de Incendios no mes de xuño de dous mil vinte e un, por superar o límite establecido no Regulamento Interno de Persoal (informe desfavorable do Servizo de Persoal de data 23/07/2021).**

Examinado o expediente de referencia neste obran, entre outros, os seguintes:

#### **ANTECEDENTES**

Polo Decreto da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo número 6518/2021 do trinta de xullo de dous mil vinte e un, formulase o levantamento de reparo/discrepancia formulada pola Intervención Municipal, en relación cos expedientes de aprobación e pagamentos de gratificacións por servizos extraordinarios realizados polo persoal sinalado nos parágrafos anteriores no mes de xuño de dous mil vinte e un.

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

O levantamento de reparo por parte da Alcaldía é unha cuestión que aparece regulada nos artigos 215 e seguintes do Real decreto 2/2005 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, na súa redacción formulada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e sostibilidade da Administración local, nos seguintes termos:

“Artículo 215. Reparos.

Si en el ejercicio de la función interventora el órgano interventor se manifestara en desacuerdo con el fondo o con la forma de los actos, documentos o expedientes examinados, deberá formular sus reparos por escrito antes de la adopción del acuerdo o resolución.

Artículo 216. Efectos de los reparos.

1. Cuando la disconformidad se refiera al reconocimiento o liquidación de derechos a favor de las entidades locales o sus organismos autónomos, la oposición se formalizará en nota de reparo que, en ningún caso, suspenderá la tramitación del expediente.

2. Si el reparo afecta a la disposición de gastos, reconocimiento de obligaciones u ordenación de pagos, se suspenderá la tramitación del expediente hasta que aquél sea solventado en los siguientes casos:

a) Cuando se base en la insuficiencia de crédito o el propuesto no sea adecuado.

b) Cuando no hubieran sido fiscalizados los actos que dieron origen a las órdenes de pago.

c) En los casos de omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales.

d) Cuando el reparo derive de comprobaciones materiales de obras, suministros, adquisiciones y servicios.

Artículo 217. Discrepancias.

1. Cuando el órgano a que afecte el reparo no esté de acuerdo con este, corresponderá al presidente de la entidad local resolver la discrepancia, siendo su resolución ejecutiva. Esta facultad no será delegable en ningún caso.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

- a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.
- b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

Artículo 218. Informes sobre resolución de discrepancias.

1.- El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2.- Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3.- El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación local".

Convén sinalar, ademais, que o levantamento de reparo efectuado pola Excm. Sra. Alcaldesa a través do Decreto da Alcaldía número 6518/2021 do trinta de xullo de dous mil vinte e un, ten a súa xustificación legal na reiterada doutrina xurisprudencial dictada polo Tribunal Supremo e polos Tribunais Superiores de Xustiza relativa á interdicción do enriquecemento inxusto (Sentenzas do Tribunal Supremo de 11/05/89, 13/07/84, 20/10/87, 11/02/91, 19/11/92, etc, e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria de 20/07/2000), máxime tendo en conta que no referido expediente consta plenamente acreditado que os precitados servizos extraordinarios foron realizados no seu día polo persoal deste Concello polo que lle corresponde á Administración municipal proceder o seu pagamento.

Resulta especialmente significativa, neste senso, a reiterada doutrina xurisprudencial ditada polo Tribunal Supremo en canto contempla a doutrina do enriquecemento inxustifico tanto como aplicación dun principio xeral propiamente dito, como aplicación dunha institución xurídica autónoma, como así o recoñece expresamente a Sentenza do Tribunal Supremo nº 82/2016, de 19 de febreiro ( RJ

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

2016/710), en canto sinala literalmente, entre outros extremos, no seu Fundamento de de Dereito Segundo, que:

“SEGUNDO.- 1. La parte demandada, al amparo del ordinal tercero del [artículo 477. 2 LEC \(RCL 2000, 34, 962 y RCL 2001, 1892\)](#) , interpone recurso de casación que articula en dos motivos, habiendo sido inadmitido el primero de ellos.

En el motivo segundo, que ha resultado admitido, denuncia la aplicación indebida de la doctrina del enriquecimiento injustificado, particularmente de su carácter subsidiario; con cita de la [STS de 7 de diciembre de 2011 \(RJ 2012, 31\)](#) .

2. En el presente caso, por la fundamentación que a continuación se expone, el motivo planteado debe ser desestimado.

3. Con carácter general la doctrina jurisprudencial de esta Sala contempla la doctrina del enriquecimiento injustificado tanto como aplicación de un principio general, propiamente dicho, como aplicación de una institución jurídica autónoma. En este sentido, la [STS de 13 de enero de 2015 \(núm. 768/2015 \(RJ 2015, 267\)\)](#) , entre otros extremos, declara:

«[...] En realidad; como hemos recordado en otras ocasiones, el enriquecimiento injusto «tiene en nuestro ordenamiento no sólo la significación de un principio de Derecho aplicable como fuente de carácter subsidiario, sino muy acusadamente la de una institución jurídica recogida en numerosos preceptos legales aunque de forma inconexa» ( [Sentencia de 1 de diciembre de 1980 \(RJ 1980, 4732\)](#) , con cita de la anterior de 12 de enero de 1943).

Como principio general del derecho, cuya formulación sería «nadie debe enriquecerse injustamente o sin causa a costa de otro», se aplica de forma subsidiaria, en defecto de ley y de costumbre, y también informa el Derecho patrimonial, para evitar que puedan producirse enriquecimientos injustos, y contribuye a su interpretación en tal sentido. Como institución jurídica autónoma (enriquecimiento sin causa), y sin perjuicio de las eventuales previsiones legales, su aplicación descansa sobre la concurrencia de un elemento económico (la ganancia de uno, correlativa al empobrecimiento de otro, mediando un nexo de causalidad entre ambas), y una condición jurídica (la ausencia de causa justificativa)».

Por conseguinte, vistos os antecedentes anteriormente expostos, procede darlle conta ó Pleno do Concello de Lugo do Decreto da Alcaldía número 6518/2021 do trinta de xullo de dous mil vinte e un, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excm. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal de ref. **2021/1197 (28-07-2021)** no expediente de solicitude de aboamento pola realización de servizos extraordinarios que superan o límite establecido no Regulamento Interno de Persoal, a funcionarios do Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao mes de xuño de dous mil vinte e un.

Con base no anteriormente exposto propónse, de conformidade co establecido no artigo 217.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que polo Concello Pleno de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Dar conta ó Pleno do Concello de Lugo do Decreto da Alcaldía números 6518/2021 do trinta de xullo de dous mil vinte e un, relativo ao levantamento de reparo efectuado pola Excma. Sra. Alcaldesa de Lugo ao informe emitido polo Interventor Municipal **de ref. 2021/1197 (28-07-2021)** no expediente de solicitude de aboamento pola realización de servizos extraordinarios que superan o límite establecido no Regulamento Interno de Persoal, a funcionarios do Servizo de Extinción de Incendios correspondentes ao mes de xuño de dous mil vinte e un.

**Segundo.-** Dar traslado do acordo plenario que se adopte ao Servizo de Intervención Municipal co fin de que lle remita anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados pola Alcaldesa e polo Pleno contrarios aos reparos formulados, e isto de conformidade co previsto no artigo 218.3 do Real Decreto 2/2005, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informada para os oportunos efectos.

### DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- **PÉSAME POLO FALECIMENTO DE DON MANUEL PENAS DEVESA.-** Vista a proposta da Alcaldía, do 20 de setembro de 2021, do teor literal seguinte:

“O pasado 30 de agosto de 2021 faleceu D. Manuel Penas Devesa, pai do Concelleiro Alexander Penas Roibás.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

Expresar a condolencia da Excma. Corporación Municipal polo falecemento de D. Manuel Penas Devesa e dar traslado deste acordo a súa familia.”

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno ACORDA expresar a condolencia da Excma. Corporación Municipal polo falecemento de DON MANUEL PENAS DEVESA e dar traslado deste acordo a súa familia.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois esta declaración que facemos en nome de toda a Corporación ao compañeiro Álex, neste caso para trasladar todo o ánimo e agarimo da Corporación e que llo traslades tamén á túa familia polo falecemento do pai de Alexandre Penas Roibás. Unha forte aperta de parte de todos os teus compañeiros e compañeiras de Corporación.

- **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á ILLA DA PALMA POLA ERUPCIÓN VOLCÁNICA NA ZONA DE CABEZA DE VACA O 19 DE SETEMBRO**

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

**DE 2021.-** O Excmo. Concello Pleno efectuou a seguinte Declaración institucional, asinada por los voceiros de todos Grupos Políticos Municipais:

“O pasado domingo, 19 de setembro de 2021, e tras varias semanas dunha actividade sísmica cada vez máis intensa, entraba en erupción a zona de Cabeza de Vaca, na illa da Palma. O paso das coadas de lava no seu percorrido desde o cume ata o mar segue deixando, como consecuencia, a destrución de vivendas (unhas 200 vivendas ata o momento), a destrución do modo de vida de numerosas familias e unha sensación permanente de incerteza que mantén a todos os canarios co corazón encolleito e que debe ser minimizada pola acción coordinada de todas as Administracións.

O Concello de Lugo quere tamén hoxe poñer en valor a resposta do pobo da Palma, o seu exemplo de civismo co que, nuns momentos moi duros, asumiu as recomendacións das autoridades priorizando a seguridade persoal e colectiva. É unha lección para todos.

Todas as institucións do arquipélago non tardaron en ofrecer os medios dos que dispoñen para achegar o seu gran de area fronte a esta emerxencia así como as principais institucións de España e Europa.

Por todo isto, o Concello de Lugo acorda a presente declaración institucional:

1. O Concello de Lugo envía unha mensaxe de solidariedade a toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Traslamos todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu a súa vivenda, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava.

2. O Concello de Lugo recoñece o traballo incansable que están a desenvolver os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, Exército, policía locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza.

3. O Concello de Lugo ofrece toda a axuda e colaboración (loxística, material e equipos) aos concellos dos municipios máis directamente afectados, institucións que están a demostrar, xunto ao Cabildo Insular da Palma, a importancia das Administracións máis próximas en momentos enormemente difíciles.”

**- DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ...E temos tamén outra declaración institucional, que tivo unanimidade na Xunta de Portavoces, para apoiar a illa da Palma por esta situación tan difícil, complexa e complicada que está a vivir o arquipélago,





Concello de Lugo

**ACTAS E GOBERNO**

RBB/jch

Refª: ispac2253277412112648065.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-9-2021

concretamente a illa da Palma e os veciños e veciñas desa illa. Por tanto, queremos trasladarlle dende a Corporación tamén todo o ánimo, a solidariedade e afecto, e a colaboración que poidamos darlle dende o Concello de Lugo e que saiban que non están sós e que noutro punto do noso país está o pobo de Lugo tendendo unha man.

**ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulan

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e vinte e oito minutos do expresado día trinta de setembro de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.**